



PROGRAMA DE ACOLLIDA

INTRODUCCIÓN

A situación de excepcionalidade na que o alumnado do centro estará escolarizado no presente curso escolar, motivada pola Covid 19, modificará en parte as normas básicas do centro, así como extremará as medidas de prevención e hixiene que rexen o funcionamento do centro. Á súa vez, e tendo en conta as posibles dificultades a nivel emocional que puido causar a pandemia entre o alumnado e a posibilidade de que poida existir un rebrote da mesma que implique novamente a eliminación parcial ou total da actividade lectiva presencial, recollemos a continuación as medidas que dende o centro se tomarán para dar resposta a estas circunstancias.

a) **Novas normas de organización e funcionamento do centro.**

A organización xeral do CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas rexerá polas NOF (Normas de organización e funcionamento) do centro. Ditas normas serán modificadas naqueles aspectos que entren en contradición coa normativa específica que se sinala a continuación, a cal estará vixente ata que se determine a posibilidade de eliminación de parte ou da totalidade das mesmas.

1. ENTRADA AO CENTRO DO ALUMNADO

- A entrada do alumnado ao centro realizarase a partir das 9:35 h
- Farase de xeito graduado e de forma independente entre as rutas do servizo de transporte. É dicir, non poderán estar a menos de tres metros o alumnado dunha ruta en relación ao de outra.
- Cando as condicións meteorolóxicas o permitan, o equipo covid decidirá se o alumnado pode permanecer no patio, nos espazos delimitados para cada aula, sen ser posible ocupar espazos delimitados para outro alumnado.
- Cando as condicións meteorolóxicas non o permitan, o alumnado entrará para a súa aula, respectando as normas de distancia, circulación e hixiene.
- O profesorado encargado da vixilancia do servizo de transporte velará polo cumprimento das normas de distanciamento e indicacións de colocación e circulación do alumnado.
- O alumnado que non empregue o servizo de transporte poderá entrar cando o determine o profesorado de vixilancia (entre as entradas de dúas rutas diferenciadas do transporte) ou cando xa



entrarse a totalidade do alumnado do servizo de transporte. Deberá seguir as mesmas normas de espazos, distancias e hixiene determinada para o alumnado transportado.

- Os alumnos e os acompañantes do alumnado que non empregue o servizo de transporte non poderá permanecer nos exteriores das instalacións a menos de dous metros de distancia entre eles.
- Cando un alumno, por motivos xustificadas, chegue ao centro despois da hora de entrada, deberá tocar o timbre e agardar a que un mestre ou o persoal non docente lle permita a entrada. Seguirá en todo caso as normas de entrada e circulación polo centro. Ningún acompañante poderá entrar dentro das instalacións, agás por motivo xustificadas e previa autorización da dirección do centro.
- En todo momento, ata que o alumnado entre na aula, permanecerá con máscara correctamente colocada. O alumnado de educación infantil só poderá sacar as máscaras na aula no momento que o profesor o determine (se o considera necesario). O alumnado de educación primaria non sacará a máscara, agás en situacións puntuais (Comedor, tempos de ventilación, aula de música, etc)

2. SAÍDA DO ALUMNADO DO CENTRO

- A saída do alumnado do centro realizarase de forma gradual dende as 15:50 ata as 16:10h (horario aproximado).
- A orde de saída será a seguinte:
 - o Alumnado non usuario do servizo de transporte: dende as 15:50 ata as 15:55 h.
 - o Alumnado usuario da ruta A do servizo de transporte: dende as 15:55 ata as 15:58 h
 - o Alumnado usuario da ruta B do servizo de transporte: dende as 15:58 ata as 16:01 h.
 - o Alumnado usuario da ruta C do servizo de transporte: dende as 16:01 ata as 16:04 h.
 - o Alumnado usuario da ruta D do servizo de transporte: dende as 16:04 ata as 16:07 h.
 - o Alumnado usuario da ruta E do servizo de transporte: dende as 16:07 ata as 16:10 h.
- A orde e temporalización de saída está suxeita a posibles cambios xustificadas.



- A recollida do alumnado en horarios diferentes aos sinalados por razóns alleas ao centro, e non xustificadas, poden implicar apercibimentos e/ou sancións.
- O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída velará porque todo o material estea recollido e desinfectado polo alumnado. Igualmente será responsabilidade súa que todo o alumnado estea preparado para saír de forma ordenada e sen demora algunha no horario establecido para cada quenda.

3. CIRCULACIÓN DO ALUMNADO POLO CENTRO

- O alumnado deberá empregar a máscara en todo momento, e só se permitirá sacala ao alumnado cando estea sentado no seu pupitre ou posto, ou a unha distancia de máis de dous metros en relación ao outro alumnado, e por razóns xustificadas.
- Cando por algún motivo, un alumno teña que desprazarse nas instalacións do centro, fora da súa aula, deberá empregar a máscara. Por exemplo, tanto para ir dunha aula a outra como para ir ao baño deberá empregar a máscara.
- No centro existen dúas ringleiras de frechas que debe seguir o alumnado en todo momento para desprazarse. A liña de cor azul é a liña que indica a ruta de entrada e a verde é a liña que indica a ruta de saída. En todo caso, o alumnado deberá empregar para desprazarse na dirección que desexa, a liña que se atopa á súa dereita.
- Todos os alumnos pertencentes a un mesmo grupo de convivencia estable deberán manter unha distancia non inferior a 1,5 metros, dentro do centro escolar. A distancia entre alumnado de dous grupos de convivencia estable diferentes será cando menos de 2 metros (recoméndase máis de catro).

4. TEMPO DE LECER

- Durante o tempo de lecer, o alumnado permanecerá nos espazos asignados para cada aula sen ser posible abandonar o mesmo, agás que teña autorización previa.
- En todo momento, deberá permanecer coa máscara correctamente colocada.
- A vixilancia dos recreos contará coa presenza do profesorado suficiente para manter unha correcta supervisión.



- O alumnado deberá evitar a aproximación e recomendarase unha distancia mínima de 1,5 metros (grupos de convivencia estable).
- A duración dos recreos poderá recortarse coa finalidade de cumprir coa normativa. Neste sentido, o centro asignará entre 5 e 10 minutos do tempo de lecer para que o alumno tome a súa merenda no horario da mañá. A duración do horario da tarde tamén se poderá ampliar ou reducir coa finalidade de desenvolver as actividades lectivas e organizar con tempo suficiente a saída graduada do alumnado.
- A duración do tempo de lecer tamén se poderá modificar (ampliar ou reducir) atendendo a outras finalidades determinadas pola dirección do centro.
- A saída do alumnado ao patio nos tempos de lecer farase de forma graduada sen que exista a posibilidade de que entren en contacto o alumnado dunha aula co da outra.
- Será responsabilidade do mestre que estea co alumnado dunha aula que non exista achegamento entre alumnado da súa aula co da outra. Para ilo, deberaos acompañar ao espazo determinado para eles no patio.
- Será responsabilidade do mestre que teña clase co alumnado dunha aula despois do tempo de lecer, a vixilancia do mantemento da distancia de seguridade na entrada do alumnado. Para ilo, deberá entrar con eles dende o patio.
- O timbre soará en diferentes quendas para a saída e entrada do alumnado. Opcionalmente empregárase o chamamento por megafonía interior e exterior.
- O alumnado de educación infantil empregará a entrada sur para saír e entrar do recreo. O alumnado de primaria empregará a entrada norte do centro para saír e entrar no tempo de recreo.
- Se un alumno precisa ir ao baño durante o tempo de recreo, deberá empregar en todo caso, o baño asignado para a súa aula, aínda que isto supoña ter que subir ao segundo andar do centro. Por ilo, recoméndase ao profesorado que lle sinale a posibilidade de ir antes de saír ao recreo.
- Non se poderá comer no patio durante os tempos de lecer, agás que a distancia entre o alumnado sexa como mínimo de 2 metros. Habilitarase un tempo na última sesión da mañá para facelo ou reducirase o tempo de lecer, dedicando parte do mesmo a realizar a merenda na aula.



- Cando as condicións meteorolóxicas non permitan a saída ao patio nos tempos de lecer, empregaranse como espazos prioritarios para o tempo de recreo, a propia aula, tanto no horario da mañá como da tarde. Será responsabilidade do mestre tutor de cada aula a vixilancia da mesma. Coa finalidade de permitir unha rotación na vixilancia, habilitarase como reforzo para as aulas de educación infantil e terceiro e cuarto curso de educación primaria, os mestres especialistas (prioritariamente LE, EF e Música) coa finalidade de que non se rompa a estabilidade dos grupos de convivencia estable, dado que ditos especialistas manteñen contacto con todos os grupos.

5. SERVIZO DE FROITA

O centro continuará servíndolle froita ao alumnado que o desexe durante todos os recreos coas seguintes condicións:

- Ningún alumno poderá tocar a froita ata que lle sexa entregada pola persoa que a reparta.
- Non se poderá saír da aula para ir buscar froita. De forma prioritaria, a froita serviráa polas aulas, unha persoa do profesorado ou do persoal non docente, dez minutos antes da saída ao recreo. Se non puidese realizarse así, na segunda sesión da mañá, habilitaranse quendas por grupos de convivencia estable, para recollela no espazo habitual.

6. ALUMNADO TRANSPORTADO

- O alumnado debe levar en todo momento a máscara posta durante o servizo de transporte.
- Os/As acompañantes da empresa de transporte aos que lle corresponda a vixilancia do alumnado, cando resulte obrigatorio, velarán por que todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.
- A saída e entrada do alumnado do servizo de transporte, farase de forma graduada e independente entre rutas.

7. USO DO SERVIZO DE COMEDOR

- O alumnado no servizo de comedor estará separado a unha distancia mínima de 1,5 metros lateralmente. No caso de estar encarados, a separación mínima será de 2 metros.
- Os alumnos sentaranse en mesas de dous ou tres comensais pertencentes ao mesmo grupo de convivencia estable. Agás cambios



autorizados, o alumnado manterá durante todo o curso, o posto asignado para el.

- O alumnado non se poderá levantar en ningún momento, agás previa autorización do persoal de vixilancia do mesmo.
- O persoal de cociña lavarás e desinfectará diariamente, ou varias veces ao día se fose preciso, todo o enxoval e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús.
- Os menús sairán empratados dende a cociña.

8. ACCESO DE PERSOAS DISTINTAS AO ALUMNADO E PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE AO CENTRO

- Salvo por razóns xustificadas ou relacionadas con procesos administrativos, ningunha persoa allea ao centro poderá entrar nas instalacións do mesmo, e en todo caso, para poder facelo, deberá ter autorización da dirección do centro ou da persoa que teña delegada as competencias na súa ausencia.
- Establecese como horario de atención aos proxenitores, todos os días lectivos entre as 13:45 e as 14:15 horas. Sempre será necesario solicitar a atención con anterioridade.

9. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLA ANPA OU CONCELLO

- A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas, sexan organizadas pola ANPA Paxariñas ou polo concello, está condicionada á aprobación do protocolo que se integra como anexo no “Plan de adaptación a situación COVID-19 para o curso 2021/2022”.
- En todo caso, será responsabilidade exclusiva dos organizadores, a vixilancia do mantemento das distancias obrigatorias e as medidas de hixiene. Ademais as actividades realizaranse principalmente por grupos de convivencia estable ou a través de videoconferencia.
- A dirección do centro terá potestade para denegar a organización dalgunha actividade ou poderaa suspender en calquera momento se o considera oportuno, a petición do equipo COVID do CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas.

10. REUNIÓN E ATENCIÓN A PAIS

- A atención a pais (titorías e outras comunicacións) realizaranse preferentemente por videochamada ou chamada telefónica. Non se



permitirá a entrada ao centro de ningún pai/nai ou representante legal, agás previo consentimento da dirección do centro.

- As reunións do Claustro de Profesorado realizarase de forma prioritaria, a través de videochamada, os luns e/ou martes a partir das 17:00 h e calquera outro día designado pola dirección.
- As reunións de Consello Escolar realizaranse de forma prioritaria, a través de videochamada nos horarios previstos na programación xeral anual. De conformidade co disposto no artigo 17 de la Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar a súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia.

11. CELEBRACIÓNS

- As celebracións e/ou conmemoracións realizaranse de forma individual ou por grupos de convivencia estable. A organización das mesmas dependerá da aprobación da dirección a petición do Equipo COVID do CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas.
- Suspéndese de forma provisional, a posibilidade de asistencia das familias, ás celebracións e/ou conmemoracións organizadas polo centro.

b) **Actuacións de prevención, hixiene e protección.**

O centro contará mentres se manteña a situación creada pola COVID 19, cunhas medidas de prevención, hixiene e protección de carácter excepcional, para poder dar resposta de forma eficaz ante dita situación.

1. EQUIPO DE COVID 19

O CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas contará cun equipo formado na COVID 19. Os responsables do equipo son D^a María Jesús Iglesias Souto e D^a Fátima Varela Fernández e D. Manuel Casares Porral.

Será responsabilidade do equipo COVID:

- Proporcionar información e facilitar a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene ao persoal docente e non docente, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.
- Enviar a información a todas as familias, mantendo unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir.
- Potenciar o uso de infografías, carteis e sinalización que fomenta o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e



hixiene. Dita información deberá ser actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.

- Promover que dende o centro se desenvolvan iniciativas innovadoras para dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable. Do mesmo xeito, procurará que se deseñen e implementen actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa.

2. CENTRO DE SAÚDE DE REFERENCIA

O centro contará coa orientación do Centro de Saúde de Vila de Cruces naqueles aspectos ou situacións que poidan supoñer un risco ou alteración do normal funcionamento do centro vinculados á COVID 19.

3. AUTOENQUISAS

- O persoal docente e non docente do centro, antes do horario de entrada, realizará diariamente unha autoenquisa clínico-epidemiolóxica para comprobar que non padece síntomas compatibles cunha infección por SAR-CoV-2.
- O alumnado, ou os seus proxenitores, deberán realizar antes do horario de entrada, e de forma diaria, unha autoenquisa clínico-epidemiolóxica para identificar posibles síntomas compatibles cunha infección por SAR-CoV-2. Naqueles casos que exista unha avaliación positiva non poderán asistir ao centro e deberán poñerse en contacto co centro de saúde. Para xustificar a ausencia, non será necesario aportar ningún documento a maiores do comprobante dos pais ou titores legais.

4. MEDIDAS DE HIXIENE DAS AULAS E OUTROS ESPAZOS DO CENTRO

- Cada aula, preto da porta da entrada, conta cun dispensador de xel hidroalcohólico que o alumnado deberá empregar cando entre na aula e sempre que o mestre llo indique. Tamén contará con panos desbotables e disolución para limpeza.
- Todas as aulas do CEIP de Cerdeiriñas que empregue o alumnado, os corredores e os baños dispoñen de papeleira con tapa accionada por pedal, onde será obrigatorio depositar os panos desbotables.
- En ambas entradas do centro, na entrada ao comedor e no patio, o centro dispón de dispensador de xel hidroalcohólico.



- Nas entradas, corredores, escaleiras, aulas, baños, comedor, patio e outros espazos do centro, está situada diferente cartelería que advirte sobre o respecto á distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual.

5. COLOCACIÓN E TRABALLO CO ALUMNADO NA AULA

- Aproveitaranse os primeiros minutos de cada xornada lectiva para lembrar os protocolos de hixiene e contacto social e permitir que lave as mans se non o fixo previamente.
- Seguindo o protocolo COVID 19, manterase o maior tempo posible a ventilación da aula. Como mínimo realizarase durante cinco minutos por sesión e durante dez se a aula estivo ocupada previamente por outro grupo. En todo caso, no noso centro, agás situacións puntuais ou atípicas, a aula de referencia do alumnado nunca será empregada por outros alumnos.
- Evitarase o desprazamento do alumnado da aula aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.
- O alumnado de educación primaria sentarase de forma preferente en ringleiras. As cadeiras situadas en cada fila distaran cando menos 1,5 metros entre as mesmas, tomando como referencia para medir a distancia, o centro de cada cadeira. Todos os pupitres situaranse prioritariamente mirando cara a posición do mestre. Dado que os grupos do noso centro son todos grupos de convivencia estable, o profesorado de infantil e de Educación Primaria poderán modificar a situación do alumnado, seguindo as normas establecidas no protocolo COVID-19, baixo a súa responsabilidade e mantendo as distancias de seguridade (mínimo 2 metros cando estean encarados e 1,5 metros de forma lateral).
- Todo o alumnado de educación primaria deberá empregar máscara en todo momento dentro do horario lectivo (só a poderá sacar cando o mestre llo indique, sempre que se estea realizando ventilación da aula, no comedor, na clase de música, ...). O alumnado de educación infantil tamén deberá seguir as mesmas normas do alumnado de primaria, pero poderá sacar a máscara cando se atope sentado no seu pupitre, se a mestra o considera necesario.
- Cada mestre tutor de educación primaria, poderá decidir se permite o xogo e a socialización-interacción entre o alumnado dentro da súa aula, dado que cada aula conforma un grupo de convivencia estable.



- O alumnado de educación infantil conformará grupos de convivencia estable, polo que cada aula de infantil poderá xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal, de forma estrita (aínda que o Equipo COVID non o recomenda).
- O alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as. Recoméndase que o alumnado garde o seu material en contedores propios como estoxos ou contedores semellantes e na medida do posible rotulados co seu nome.
- O material compartido, non se poderá empregar sen a previa desinfección do mesmo e/ou hixiene previa de mans.
- A roupa colocarse na propia cadeira ou na percha, da forma máis individualizada posible.
- No momento de entrada á aula ou no caso de cambio de aula dedicáranse uns minutos á desinfección do pupitre (empregando panos desbotables e solución desinfectante).
- Será responsabilidade do profesorado da aula, velar polo cumprimento das anteriores indicacións.

6. USO DIFERENCIADO DAS AULAS DO CENTRO

- O alumnado do CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas estará agrupado en grupos de convivencia estable que evitarán o contacto directo con outros grupos.
- Cada grupo de convivencia estable terá a súa aula como espazo de referencia para desenvolver a meirande parte das actividades lectivas.
- Dentro do horario lectivo, o alumnado só abandonará a aula nas seguintes circunstancias: para ir ao ximnasio, a aula de música, á aula de valores, á aula de L. Configuración, saír ao tempo de lecer, ir ao comedor ou acudir ao baño. Tamén poderá saír da aula por outras circunstancias, previa autorización da dirección do centro ou da persoa que teña delegada as competencias.
- So haberá dúas aulas globais compartidas que serán as da especialidade de Educación Física e as da especialidade de Musica. En ambos casos, o uso destes espazos nunca se fará de forma continua. É dicir, cando menos, haberá unha hora de duración entre o uso destes espazos por un grupo de convivencia estable e outro grupo. Durante ese tempo, o espazo permanecerá ventilado. Por norma xeral, non se compartirá material, e cando sexa preciso



compartilo, desinfectarase entre o uso do mesmo por un alumno e outro ou realizarse unha hixiene previa das mans dos alumnos que compartan dito material.

- As aulas da especialidade de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe empregaranse sempre que sexa posible de forma individual e en todo caso, tan só poderán estar nas mesmas ao mesmo tempo, alumnado do mesmo grupo de convivencia, mantendo as distancias de seguridade. Entre o uso destes espazos por un alumno ou grupo de alumnos e o seguinte, ventilarase durante 15 minutos.
- A aula de desdobres será empregada por alumnado do quinto curso que ocupará sempre o mesmo pupitre.
- A aula de Libre Configuración será empregada por alumnado de cuarto e sexto curso que ocupará sempre o mesmo posto escolar dentro da mesma.
- O espazo de Informática extremaranse os protocolos de limpeza dado que pode ser unha aula de uso máis compartido.
- En todas as aulas é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.

7. CAMBIO DE CLASE

- Por norma xeral, o alumnado non cambiará de clase, agás nos supostos sinalados con anterioridade ou baixo a aprobación da dirección ou do equipo COVID.
- Cando o alumnado teña que trasladarse de aula ou prepararse para saír, o profesor finalizará a súa clase 5 minutos antes, de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado.
- A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Para entrar nunha aula distinta a de titoría, alumnado agardará polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1, gardando a distancia de seguridade.
- Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia, evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula. Esta situación, só se dará por regra xeral para o alumnado asistente á aula de AL e PT. Nas restantes materias, agás en circunstancias excepcionais, non se reproducirá esta situación.



8. USO DA BIBLIOTECA

- O espazo de lectura da biblioteca poderá ser empregado por alumnado do mesmo grupo de convivencia estable, de forma simultánea. Ditos espazos están separados pola distancia de seguridade acorde coa normativa e non situados de fronte.
- O espazo maker da biblioteca poderá ser empregado por alumnado do mesmo grupo de convivencia estable, de forma simultánea.
- O espazo de construción poderá ser empregado de forma simultánea por alumnos de Educación Infantil.
- O espazo de novas tecnoloxías poderá ser empregado de forma simultánea por alumnos do mesmo grupo de convivencia estable.
- O profesorado responsable da atención da biblioteca poderá limitar o número de postos dispoñibles e indicará en cales se debe situar cada alumno.
- O alumnado usuario da biblioteca debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala. Igualmente, hixienizarán os postos que teñan ocupado coa supervisión do profesorado encargado da vixilancia.
- O préstamo de libros ou outro material realizarase previa solicitude ao equipo de biblioteca. Os libros devoltos permanecerán nunha caixa con tapa e co identificativo de libros devoltos. Dita caixa permanecerá illada un mínimo de 24 horas, antes de volver os libros aos andeis. Igualmente existirá unha caixa para os libros manipulados na biblioteca e que non se solicite o seu préstamo. Ditos libros permanecerán tamén un mínimo de 24 horas illados, antes de ser devoltos aos andeis.
- Non se permitirá o uso de xogos na biblioteca nin o uso de material compartido.
- A totalidade das normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias, aplicarase á biblioteca.

9. USO DOS ASEOS

- Cada aula de educación primaria terá un aseo asignado que non poderá empregar o alumnado de ningunha outra aula e que deberá usar sempre que o precise, independentemente da localización na que se atope no centro. É dicir, cada alumno deberá empregar sempre o mesmo aseo que ten asignado a súa aula.



- Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia.

10. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS RECREOS

- Cada grupo de convivencia estable ten establecido un espazo no patio para o tempo de lecer. Non poderá abandonar nin invadir o espazo asignado para outro grupo, agás previa autorización.
- Nos recreos, o uso das máscaras é obrigatorio.
- O alumnado poderá interactuar, pero recomendase unha separación mínima de 1,5 metros.
- Durante os recreos e nas entradas e saídas do tempo de lecer, haberá profesorado de garda garantindo que se cumpre a distancia nas ringleiras.
- Cada grupo de convivencia ten delimitado un horario para a entrada e saída que non coincide co horario doutros grupos. Deberá respectar dito horario de forma exhaustiva e non poderá coincidir con outro grupo nin nas entradas nin nas saídas ao tempo de lecer. Será responsabilidade do mestre que estea co alumnado dun grupo de convivencia estable, que se cumpran os horarios e as distancias nas ringleiras de saída. Será responsabilidade do mestre que teña clase con un grupo despois do tempo de lecer, a vixilancia do cumprimento do horario de entrada e do mantemento da distancia de seguridade da ringleira.
- Os horarios do tempo de lecer na quenda da mañá quedan delimitados da seguinte forma:
 - o Educación Infantil A: dende as 12:15 ás 12:45 h (Zona areiro-xogos). Saída sur.
 - o Educación Infantil B: dende as 12:15 ás 12:45 h (Carballeira areiro). Saída sur.
 - o Primeiro e segundo de EP: dende as 12:15 ás 12:45 h (Pista de birilé e carballeira de acceso ao ximnasio) Saída norte.
 - o Terceiro e cuarto de EP: dende as 12:15 ás 12:43 h (Pista de xogos populares). Saída norte.
 - o Quinto e sexto de EP: dende as 12:15 ás 12:41 h (Campo de fútbol e baloncesto). Saída norte.
- Os horarios do tempo de lecer na quenda da tarde quedan delimitados á seguinte hora de saída:
 - o Educación Infantil: ás 15:05 h



- Primeiro e segundo de EP: ás 15:07 h
 - Terceiro e cuarto de EP: ás 15:10 h
 - Quinto e sexto de EP: ás 15:13 h
- Todos os horarios poderán ser modificados pola dirección do centro por causa xustificada ou por calquera cambio solicitado polo claustro ou polo equipo COVID do CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas, sempre que estean debidamente xustificadas.

11. METODOLOXÍAS

- O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia será desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase.
- Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso particular.
- Onde a materia o permita substituirase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.
- En cada unha das materias adaptarase a metodoloxía da aula procurando evitar a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais.
- En educación física os exercicios serán prioritariamente de tipo individual, minimizando o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso. En todo momento, procurarase o desenvolvemento da actividade cunha distancia non inferior a 1,5 metros. Na programación da materia, recóllense estas e outras modificacións, atendendo á situación actual creada pola COVID 19.

12. METODOLOXÍA ESPECÍFICA PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

- Iniciarase a xornada con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia a través de actividades de tipo lúdico. Procurarase concienciarlos da importancia de coñecer o risco que supón introducir os dedos na boca inmediatamente despois de empregar o xel hidroalcohólico. En todo caso, nestas idades, extremarase a vixilancia do seu uso por parte do profesorado que se atope co grupo de convivencia estable. En educación infantil priorizarase a substitución do xel hidroalcohólico por hixiene con auga e xabón.
- Reducirase o traballo de mesa simultáneo de gran grupo.



- No xogo en recantos delimitarase e organizarse o seu uso de xeito individual, garantindo a desinfección posterior ao seu uso, tanto do espazo como dos materiais empregados.
- A merenda realizarase de xeito individual en espazos diferenciados. Será competencia do mestre titor a decisión de realizar a merenda dentro da aula ou no patio. En todo caso, debe garantir que se realice de forma individual e a unha distancia o máis ampla posible.
- Limitarase o uso dos tobogáns, casiña, balancín, mesa e os areeiros en base ás recomendacións do protocolo COVID. Só se autoriza o seu uso, cando se faga de forma individual. É dicir, poderase asignar cada un dos espazos anteriormente citados a un alumno ou grupo burbulla durante todo o recreo, e non poderá haber rotacións. O resto do alumnado que non poida ser asignado a un deses xogos, deberá permanecer noutros espazos. En todo caso, despois do seu uso, deberán ser hixienizados.
- Os obradoiros que se poidan desenvolver co alumnado ao longo do curso, serán sempre para un grupo reducido e desinfectarase todo o material empregado, unha vez rematado o mesmo.
- O alumnado dos grupos de educación infantil terá a obriga de empregar a máscara ao igual ca educación primaria en todos os espazos do centro.

13. METODOLOXÍA DA AULA E DAS PROGRAMACIÓNS

- Todas as programacións didácticas, independentemente do curso, incluírán a metodoloxía de traballo que se seguirá nunha aula, no caso de que sexa necesario optar polo ensino a distancia, xa sexa de forma parcial ou permanente.
- A programación didáctica deberá indicar o modo de atender ao dereito á educación do alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática e os mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

14. ROTACIÓN DO PROFESORADO

Na medida das posibilidades de organización do centro, o profesorado do centro realizará só as rotacións imprescindibles para atender de forma correcta ao alumnado e manter o mínimo contacto con grupos diferentes de alumnos.

Cando un mestre (titor, especialista, orientador ou calquera outro) preste asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos de xeito



consecutivo, desinfectará as superficies usadas e ventilará o espazo durante polo menos 5 minutos entre cada sesión de traballo.

15. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

- Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.
- En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.
- Todas as reunións do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo. En todo caso, priorizaranse as reunións por medios telemáticos.
- Na realización de reunións de titorías utilizarase, sempre que sexa posible, o recurso á reunión non presencial mediante vídeo chamada ou teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial adaptaranse espazos exclusivos para este tipo de reunións onde se garantirá mediante obstáculos físicos a distancia de seguridade ou o emprego de máscara e a dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans.

16. REUNIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

- De conformidade co disposto no artigo 17 de la Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar a súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia. O CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas acóllese de forma prioritaria a posibilidade de convocar e celebrar as reunións dos seus órganos colexiados durante o curso 2021-2022. Dita medida poderase modificar en base á variación da situación actual da pandemia.
- Nas xuntanzas a través de vídeo chamada garantírase a identidade dos membros participantes, o contido das reunións e o sentido do voto de cada participante con dereito a voto.
- Permítese o voto tanto a través de vídeo chamada como a través de correo electrónico, sempre que o presidente e secretario de cada órgano poida comprobar a autenticidade do votante.



- No caso de realizarse reunións presenciais, manterase unha distancia mínima entre os membros, de 2 metros.
- As convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, e farase constar na mesma a orde do día, a documentación da mesma e un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos por separado o senso das votacións.

17. LIMPEZA DOS ESPAZOS DE TRABALLO

- Os postos de traballo e as mesas da aula deberán estar ordenadas e co menor número de material posible sobre as mesmas.
- Por regra xeral, o alumnado non compartirá ningún material propio con ningún compañeiro.
- Na aula ou no pupitre existirá un espazo diferenciado para o material de cada alumno evitando a posibilidade de que poida ser manexado por outro alumno.
- Os ordenadores, tablets, ou calquera outro material do centro deberá ser desinfectado antes e despois do seu uso, agás que dito material sexa de uso exclusivo dun alumno ou mestre.
- As ventás, portas, persianas, chaves de luz, proxectores e demais ferramentas pedagóxicas serán empregadas unicamente polo profesorado coas medidas de seguridade e hixiene axeitadas.
- Os espazos do centro estarán o máis ventilados posible durante un mínimo de 5 minutos de forma regular e repetida durante o día. No caso de que o espazo estivese ocupado previamente, ventilarase o espazo durante alomenos 15 minutos antes de ocupalo novamente. Cando as condicións meteorolóxicas o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.
- Cada aula contará con alomenos, unha solución desinfectante que se poderá empregar para desinfectar os materiais despois do seu uso.

18. MEDIDAS ANTE A DETECCIÓN DE SINTOMAS NO CENTRO

- Ante a posible detección de síntomas compatibles con infección por SARS CoV-2 nun alumno, durante a estancia non centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoas de referencia que deberán presentarse no centro á maior brevidade.
- Será a familia a que deberá poñerse en contacto co pediatra ou facultativo que será quen deba valorar a necesidade de realizar un test diagnóstico.



- O alumno que presente síntomas, permanecerá illado nun espazo empregado para tal fin que disporá de todas as medidas de hixiene precisas para a súa estancia, ata que o recolla un familiar.
- No caso de que un alumno ou persoa que traballe no centro presente síntomas mentres se atope no centro, illarase o contedor onde se depositaron os panos ou outro produto usado por dito alumno ou profesional.

19. COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

- O centro comunicará as familias todos aqueles aspectos que considere fundamentais en relación ao COVID 19 vinculados ao centro.
- A aparición dalgún síntoma no centro, será notificada ás familias de forma inmediata, polo cal, as familias teñen a obrigaçión de aportar todos os teléfonos de contacto nos que se poidan localizar, indicando o teléfono de urxencias principal.

20. XUSTIFICACIÓN DAS AUSENCIAS DERIVADAS DOS SÍNTOMAS DA COVID 19

As ausencias do alumnado e do demais persoal do centro derivadas da posible presenza de síntomas vinculados coa COVID 19 consideraranse sempre xustificadas, sen ser necesario aportar xustificante do facultativo para acreditar a ausencia.

21. ESPAZO DE ILLAMENTO

O centro contará cun espazo de illamento para o alumnado que presente síntomas, mentres se xestiona o seu traslado.

- Dito espazo, contará con xel hidroalcolico, panos desbotables, máscaras e papeleira con tapa.
- Sempre que teña un alumno illado estará vixiado por un mestre.
- As persoas que permanezan dentro da zona de illamento, empregarán sempre máscaras.

22. LIMPEZA DO CENTRO

- O protocolo global de limpeza recóllese no Plan de adaptación a situación COVID-19.
- Realizárase a limpeza de todo o centro, unha vez ao día.
- Realizárase a limpeza dos baños, 2 veces ao día durante o horario lectivo.



- Realizarase unha limpeza e desinfección dos postos de traballo compartidos, en cada cambio de quenda, e ao finalizar a xornada, deixando que actúe o produto de limpeza.
- Cada usuario ao terminar de utilizar un ordenador de uso compartido, limpará a superficie do teclado, do rato e da pantalla con xel desinfectante.
- Realízanse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 5 minutos (15 minutos cando a sala ou aula estivese ocupada previamente) ao inicio da xornada, ao finalizar e entre clases, sempre que sexa posible e coas medidas de prevención de accidentes necesarias. Cando as condicións meteorolóxicas o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.
- Os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” serán refugados en papeleiras con bolsa e/ou principalmente en papeleiras protexidas con tapa e accionadas por pedal.

c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

1. FORMACIÓN NA COMPETENCIA DIXITAL

A competencia dixital constitúe unha parte moi importante na formación transversal do CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas. A informática, a robótica, a realidade aumentada, etc impártense na maioría dos cursos de forma transversal seguindo a planificación que para o curso desenvolven os mestres titores e especialistas. Debido á actual situación de incerteza relacionada coa escolarización presencial, no presente curso, a formación en competencia dixital terá un papel máis importante e será de obrigada inclusión na programación de cada curso. Incluirase como contidos de obrigatoria introdución cando menos durante o primeiro trimestre na educación primaria (agás no primeiro curso):

- Os contidos básicos para o acceso e manexo da páxina web do centro e da aula virtual.
- O uso dun procesador de textos básico e/ou do libro electrónico de cada materia.
- O uso básico da ferramenta webex para videochamadas ou unha semellante.



Os cursos de Educación Infantil e primeiro de Educación Primaria poderán decantarse por contidos máis básicos adaptados a súa idade.

2. AULA VIRTUAL E ENSINO A DISTANCIA

O CEIP de Cerdeiriñas facilitará no caso da imposibilidade de manter a escolarización presencial, a formación a distancia tanto a través da páxina web e blogs do centro, como a través da aula virtual do mesmo. Ás distintas ferramentas de ensino a distancia terase acceso a través da páxina principal do centro ceip.cerdeirinhas@edu.xunta.gal.

- A aula virtual, xunto cos blogs e a propia páxina web do centro empregaranse, en todo caso, no suposto que sexa preciso poñer en marcha de forma total ou parcial a educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante. O seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do profesorado que imparta as materias en ditos cursos.
- Nos cursos que non se empreguen as ferramentas anteriormente citadas, habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou vídeo chamadas para manter contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos de cada curso.
- Na Educación Infantil e no primeiro e segundo curso de Educación Primaria, sempre que o profesorado de ditos cursos decida de forma argumentada que non se use a aula virtual, ou no caso do alumnado doutros cursos co que non sexa posible o seu uso, arbitrase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva se fose preciso pasar á educación a distancia. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica de cada curso e o mestre responsable de dito curso ten a obriga de realizar unha proba do seu correcto funcionamento durante o tempo que asista o alumnado ao centro.
- Corresponde a D^a María Jesús Iglesias Souto, D. Lorenzo Pérez Pedreira, D^a Fátima Varela Fernández e D. Manuel Casares Porral, asistidos de ser necesario polos asesores Abalar, colaborar coa posta en funcionamento e o mantemento da aula virtual.
- Durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Usarase a aula de informática do centro para estas tarefas por grupos de convivencia estable e coas medidas de hixiene recollidas para os distintos tipos de aulas do centro.



- Todo o profesorado do centro, á maior brevidade posible, asegurárase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. Dedicará o tempo que precise na aula de informática para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual.
- Ao comezo de curso, e en todo caso, antes de que remate o mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e notificarano ao equipo directivo.

d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

A atención aos aspectos emocionais e sociais abordarase dende o comezo de curso en todos os grupos. Traballarase de forma individual ou en grupos estables de convivencia.

Os obxectivos principais desta medida, serán facilitarlle o entendemento da actual situación ao alumnado, segundo as súas capacidades. Dunha forma lúdica procurarase que cada alumno desenvolva recursos propios para afrontar a frustración e a inquedanza que lle poden xerar situacións de stres ou descoñecidas.

O profesorado do centro, coa orientación do Equipo COVID do CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas procurará achegarlle ao alumnado, competencias para a comprensión e superación de posibles eivas emocionais que a pandemia do COVID puido crear.

INCUMPRIMENTO DAS NORMAS RECOLLIDA NESTE DOCUMENTO.

O incumprimento dalgunha das normas anteriormente sinaladas implicará unha infracción que poderá conlevar dende un apercibimento ata unha expulsión do alumnado. Naqueles casos nos que o incumprimento o realizase un adulto ou se realizase de forma reiterada, poñerase en coñecemento da autoridade pertinente para que tome as medidas que considere oportuno.



VIXENCIA DA PRESENTE NORMATIVA

As normas recollidas neste documento, modificarán ou suprimirán aquelas que nas NOF do centro entren en contradición coas mesmas, e terán vixencia durante todo o curso escolar, agás que os órganos do centro, atendendo á lexislación vixente e con autorización da Xefatura Territorial de Educación ou da Consellería de Cultura, Educación e Universidade determine a súa derogación. Así mesmo, o presente documento quedará anulado naquelas partes que poida entrar en contradición co Protocolo Covid-19 para o curso 2021-2022 e con aquela outra lexislación que con posterioridade poida modificar a totalidade ou parte do contido deste documento.

RESPONSABILIDADE

O equipo COVID do CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas xunto coa dirección do centro procurará na medida das súas posibilidades vixiar e garantir que a normativa recollida neste documento sexa posta en práctica. En todo caso, cando non fose posible dar resposta a esta normativa (por calquera motivo debidamente argumentado) ou naqueles outros aspectos non recollidos na mesma, quedarán exentos de calquera responsabilidade, sendo a Consellería de Cultura, Educación, e Universidade ou quen teña competencia segundo o caso, os responsables do non cumprimento.